



Iniciativas

As redes de abastecemento e de sumidoiros e as infraestruturas viarias, entre as prioridades dos novos planos de obras que acomete o noso Concello.

[Dev. 7](#)

Oportunidades

O Plan Leader Plusxa está plenamente operativo. As persoas interesadas poden optar ás axudas habilitadas para pór en marcha novos proxectos. Permanece en vigor ata o ano 2006.

[Dev. 9](#)

Pemento en auxe

A Festa do Pemento de Ombra foi, un ano máis, un dos acontecementos gastronómicos do verán na provincia de Ourense. O evento serviu tamén para promocionar outros produtos e actividades do noso municipio.

[Dev. 10](#)


Solidarios

Ombra é un dos concellos da nosa comarca con maior índice de doantes de sangue. Nos últimos anos incrementouse a vontade solidaria de moita xente disposta a presta-lo seu plasma para salvar outras vidas.

[Dev. 11](#)

A Xunta colabora no proxecto de centros sociais do Concello

A conselleira de Servizos Sociais María José Cimedevila asinou co alcalde de Ombra Alfonso Villarino o convenio de colaboración para o financiamento do proxecto de construción do centro social vecinal de As Chas (na imaxe, en presenza do director xeral de Servizos Sociais). Ao mesmo tempo, o Concello desenvolve novas iniciativas para dotar a tódolos núcleos de poboación de centros de xuntanza.



O PP mantén a maioría absoluta na Corporación

O Partido Popular gobernará o Concello de Ombra ata o ano 2007, trala maioría absoluta acadada nos comicios do pasado 25 de maio. Será este o sétimo mandato consecutivo como alcalde de Alfonso Villarino Rodríguez, electo tamén deputado provincial polo partido xudicial de Verín. PSdeG-PSOE, con dous concelleiros, e BNG, con un, comparten tarefas na oposición.

Resultados electorais

	Votos	%	Concelleiros	1999
	1.048	73,2	9	9
	242	16,9	2	2
	121	8,5	1	1

O alcalde, concelleiros, funcionarios e traballadores do Concello desexan a tódolos veciños e visitantes

Tempo de compartir
ilusións e felicidade...



... saúde e benestar para disfrutar as festas de Nadal e Aninovo

De gozar cos
seres máis queridos...




De busca-la paz e a
concordia entre todos.

Servicios e infraestructuras merecen unha atención permanente

O noso pobo ratificou por sétima vez consecutiva o proxecto político para o concello de Oimbra encabezado por Alfonso Villarino Rodríguez, e encomendoulle as tarefas da oposición ó PSdeG-PSOE e ó Bloque Nacionalista Galego. Dende a última cita electoral, ábrese un apaixonante período de catro anos para que a nova Corporación traballe aínda máis a prol da modernización do noso municipio, e incidindo en todos aqueles aspectos que, dun ou doutro xeito, van contribuír a mellorar a calidade de vida e o benestar de tódolos nosos veciños e veciñas.

A dicir de moitos, nos últimos anos, en Oimbra leváronse a cabo moitos dos proxectos de mellora ou renovación de infraestructuras e servicios que demandaba a nosa xente. Outros, pola contra, pensan que aínda quedan cousas por facer e que non son menos importantes. Sen dúbida, todos teñen razón. Partindo desta premisa é a hora de traballar cóbado con cóbado para facer realidade eses proxectos ilusionantes que deben facilitar a tódolos pobos unhas boas redes de comunicación viaria e uns servicios básicos acordes cos tempos que nos tocan vivir. Tampouco deben esquecerse os nosos gobernantes de propiciar programas que axuden á mocidade a buscar traballo e ós maiores a vivir dignamente, como recompensa



xusta ó traballo que desenvolveron durante moito tempo e que, dalgún xeito, tamén incidiu no progreso colectivo do noso municipio. A Educación, a Cultura e o Deporte tamén deben merecer unha atención especial, e que axudan a manter os sinais de identidade do noso pobo.

Coa implicación de todos, alcalde, concelleiros e veciños, estaremos no bo camiño para acadar esas metas de progreso e modernidade ás que aspiramos todos, para que Oimbra non decaia e sexa un lugar agradable para vivir e sirva de exemplo de convivencia.

Esta tarefa obríganos a todos: ós veciños desta fermosa terra, á hora de plantear iniciativas, e ós nosos representantes públicos, como encargados de canalizar esas inquedanzas e darlles solución, xestionando os recursos propios ou colaborando con outras Administracións públicas. Neste obxectivo, tamén debe ter parte activa a oposición, como garantes do funcionamento democrático do Concello, e, dende un punto de vista construtivo, aportando os seus puntos de vista e opinións para que as cousas se fagan da mellor maneira posible. Unhas pautas que, lembradas moitas veces, deben servir para que a institución municipal funcione un pouco mellor cada día.

Deputación Provincial, Xunta e Concello de Oimbra colaboran en obras e proxectos municipais

As infraestructuras públicas, a mellora dos servicios básicos e os programas de promoción do emprego entre a noxa xente son bos exemplos da colaboración do Concello de Oimbra con outras Administracións públicas. Para un municipio pequeno e limitado coma o noso sería imposible acometer tantos proxectos sen o respaldo económico da Deputación Provincial de Ourense ou da Xunta de Galicia, e, nunha medida menor pero igualmente importante, do Goberno central, a través do Ministerio para as Administracións, e da Unión Europea, por medio dos fondos de cohesión que chegan a esta comarca en forma de programas como o Plan Leader Plus e o Interreg III, actualmente en vigor.

A colaboración da Xunta de Galicia é ben perceptible nas políticas de emprego, como o Plan Labora, o Obradoiro e diferentes subvencións para cubrir postos específicos na Administración local, pero tamén nos proxectos de obras para mellorar servicios e infraestructuras. O aporte da Deputación ó Concello de Oimbra realízase a través de subvencións, Planos Provinciais de Obras e das brigadas da institución provincial.





Eleccións municipais 2003

O Partido Popular renova a maioría absoluta con oito concelleiros

A candidatura do Partido Popular, encabezada por Alfonso Villarino Rodríguez renovou a maioría absoluta na Corporación Municipal de Cimbra, nos comicios do 25 de maio. O PP acadou 8 dos 11 concelleiros electos, correspondendo 2 ó PSdeG-PSOE, e 1 ó Bloque Nacionalista Galego. Porcentualmente, o Partido Popular obtivo o respaldo do 73,2% dos votantes, por diante da candidatura socialista (16,9%) e da presentada polo BNG (8,5%). A Corporación conserva a mesma representación que xa tiña, a pesar do lixeiro ascenso do PP en número de votos e do retroceso das outras dúas forzas políticas da oposición.

A segunda Corporación de Cimbra no novo milenio, con mandato ata o ano 2007, está integrada por Alfonso Villarino, Fernando Veira, David González, Bernardo Álvarez, Antonio Astorga, Antonio Villabril, Nivardo Pardo e Plácido Pardo, do Partido Popular; Gonzalo González e Norberto Pérez, do PSdeG-PSOE; e Antón Alonso, do BNG.



Votación na mesa electoral do colexio público.



Alfonso Villarino afronta o sétimo mandato como alcalde

Por sétima vez consecutiva (a primeira foi no ano 1979), Alfonso Villarino convertiuse en alcalde e goberará o noso Concello outros catro anos con maioría absoluta. Recibiu o voto de sete de cada dez veciños e veciñas que acodiron ás urnas o pasado 25 de maio.


As outras dúas forzas políticas da oposición, que acadaron resultados dispares (os socialistas dobraron as papeletas do BNG) experimentaron un descenso en porcentaxe e número de votos respecto á eleccións de 1999, aínda que esta circunstancia non repercutiu nunha mesma de concelleiros.

Villarino Rodríguez manifestou, trala toma de posesión, que "asumimos con responsabilidade o reto do goberno nestes catro anos, xa que temos novos e importantes proxectos en marcha, e só fai falta vontade, apoio das Administracións públicas e colaboración dos veciños para que sexan realidade". "Quedan cousas por facer -asegurou- e serán axiña realidade co apoio de todos".

Alta participación

Cimbra registrou nas eleccións municipais unha participación nas urnas superior á media da provincia de Ourense: 69,9%, fronte ó 49,6% do cómputo dos outros concellos. Aínda así, o 25 de maio votaron 20 persoas menos que nos comicios de 1999, debido a un pequeno descenso no padrón e a unha menor incidencia do voto dos residentes/ausentes (voto por correo e dos emigrantes). Ao noso municipio correspóndelle 11 concelleiros na Corporación, en función do número de habitantes.

Evolución electoral



Repiten 8 concelleiros

A práctica totalidade dos concelleiros electos o 25 de maio repiten nos seus cargos. É o caso de Alfonso Villarino, Fernando Veira, David González, Bernardo Álvarez, Antonio Astorga, Antonio Villabril e Nivardo Pardo, do PP; e Antón Alonso, do BNG. As novidades son Plácido Pardo, do PP, no lugar de José Luis Veiga, e os dous representantes do PSdeG-PSOE, Gonzalo González e Norberto Pérez, que substitúen a Benito Fernández e Ramón Magalhães.



Corporación municipal de Oimbra (2003-2007)



Alfonso Villarino
Rodríguez



Fernando Vieira
Diéguez



David González
Blanco



Bernardo Álvarez
García



Antonio Astorga
Astorga



Antonio Villabril
Gómez



Nivardo Pardo
Pérez



Plácido Pardo
García



Gonzalo
González Gómez



Norberto Pérez
Salgado



Antón Alonso
Rodríguez



Villarino, deputado provincial

O alcalde de Oimbra, Alfonso Villarino, representará ó partido xudicial de Verín na Deputación Provincial de Ourense ata o ano 2007. Ademais de deputado adscrito ó grupo do Partido Popular, Villarino Rodríguez forma parte das comisións informativas de Educación, Cultura e Deportes, e da Especial de Contas, Facenda e Economía no organismo provincial. O noso rexedor municipal representa tamén á Deputación na Xunta Provincial de Educación e no Consorcio do Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín.

Corporación municipal de Oimbra (2003-2007)



Alfonso Villarino Rodríguez, alcalde

“A nova zona industrial e a mellora das infraestructuras básicas contribúen ó progreso do municipio”



“O futuro polígono industrial será clave para impulsar un desenvolvemento económico sostido para Oimbra, por tratarse dun lugar estratéxico próximo á autovía e a Portugal. As potencialidades que ten son moitas e debemos aproveitarlas”.

Pregunta.- *¿Qué ten de diferente este mandato respecto ós outros nos que tamén vostede foi alcalde de Oimbra?*

Alfonso Villarino.- É certo que moitos veciños opinan que o nivel de infraestructuras e servizos no noso municipio é aceptable, pero dende a Corporación municipal pensamos que se pode aínda mellorar, porque sempre xurden novas necesidades e temos que darlles resposta. Hai proxectos en marcha que son moi importantes para o futuro de Oimbra, e nestes catro anos agardamos darlles un impulso definitivo.

P.- *¿E o Plan Xeral de Ordenación Municipal?*

Alfonso V.- Ese é un dos proxectos de futuro, que xa está moi avanzado, e que demandan os nosos veciños e veciñas. Pero tamén temos en marcha outras iniciativas no eido recreativo, de mellora das vías de comunicación, do abastecemento de auga, para que non haxa problemas durante o verán, de centros sociais, etc.

P.- *¿Qué se pode facer dende o Concello para incentivar o emprego e que a xente nova non teña que marchar fora?*

Alfonso V.- Esa é outra das grandes preocupacións da Corporación municipal. Se a xente ten emprego aquí, non terá necesidade

de marchar, como aconteceu, por desgracia, aínda en fases recentes da nosa historia. Penso que co parque empresarial e os programas que impulsamos dende o Concello, a través do Obradoiro de Emprego e outras contratacións estamos contribuíndo a asentala xente nova no noso municipio.

P.- *¿Que agarda dos planos europeos que están en marcha e nos que participa Oimbra?*

Alfonso V.- Co Plan Leader Plus e Interreg III temos unha nova oportunidade para desenvolver proxectos de envergadura, como pode se-lo Centro de Interpretación, pero é necesario implicar moito máis á xente emprendedora de Oimbra para pór en marcha os seus proxectos industriais ou empresariais. Isto tamén repercutirá no beneficio económico e laboral do municipio.

P.- *¿E a nivel da Mancomunidade?*

Alfonso V.- Nos últimos anos están a facerse notables esforzos, e os resultados xa empezan a ser visibles en aspectos como a recollida de lixo, o parque de bombeiros, os servizos sociais, etc. Por isto, é preciso que tódolos concellos nos impliquemos aínda máis, porque da unión sae a forza, e unha Mancomunidade unida vai xerar unha dinámica de progreso que tamén vai beneficiar a Oimbra.



A instalación de varias empresas supón o xemolo do desenvolvemento industrial de Oimbra, polo que aposta decididamente o Concello e que terá reflexo no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal.

“A situación e as boas comunicacións garanten o éxito do futuro parque empresarial”

Unha das prioridades do Concello de Oimbra é, na opinión de Alfonso Villarino, a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal. O equipo redactor deberá presentar nos próximos meses o avance da planificación, antes da aprobación inicial e da exposición ó público para que os veciños e veciñas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. O Plan de Ordenación establecerá as pautas de edificación e delimitará as zonas verdes, de uso dotacional e o polígono industrial. “Hai xa varias empresas -asegura Alfonso Villarino- que están interesadas en instalarse en Oimbra, polas proximidade á autovía e a Portugal. Esta situación e as boas comunicacións garanten o seu éxito”. A zona do Camiño de Montereí-Os Poulóns alberga varias naves de almacéns de froitas, explotacións gandeiras e carpintería metálica, convertidas no xemolo do futuro desenvolvemento industrial do noso municipio.

Obradoiro de emprego "Oimbra"



Os módulos de albanalería e cantería, con presenza notable de mulleres, en San Cibrao e Oimbra, respectivamente.

Veciños e veciñas aprenden novos oficios traballando na recuperación do patrimonio e de zonas recreativas

O Concello de Oimbra segue apostando pola creación de emprego como unha das liñas de traballo máis importante, xunto á mellora das infraestruturas e servizos públicos en tódolos pobos. A través dun

convenio coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais puxo en marcha o Obradoiro de Emprego "Oimbra", no que participan 34 homes e mulleres do municipio, maiores de 25

anos e inscritos nas oficinas do INEM. O obxectivo é facilitarlles capacitación teórica e práctica en oficios con futuro, ao tempo que realizan traballos de recuperación patrimonial e medioambiental.

Durante doce meses, ata abril de 2004, o Obradoiro de Emprego "Oimbra" cumprirá a súa función de dinamizador laboral, facilitando emprego e formación a 34 persoas, e de recuperación do noso patrimonio, centrada na restauración do empedrado do vello camiño da igrexa de Oimbra. Outro dos obxectivos é a construción ou mellora das áreas recreativas no Tâmega, en San Cibrao e O Rosal, entre outras. Un labor polo que apostou o Concello de Oimbra, coa colaboración da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. O orzamento total, entre salarios e materiais de obras contemplados no proxecto, é de 550.500 euros (91,6 millóns de pesetas), dos que 52.866 € corresponden á aportación do propio Concello de Oimbra.

Ademais dos 34 alumnos/as, distribuídos nos módulos de cantería, albanalería e restauración de áreas degradadas, neste Obradoiro de Emprego participan unha directora, catro monitores, unha administrativa e unha profesora de Educación Compensatoria (prepara ós traballadores/as que non teñen ningunha titulación académica para a obtención do Graduado en ESO).

Esta iniciativa do Concello de Oimbra tenta mellorar a cualificación profesional da xente que vive no medio rural, con máis de 25 anos de idade e que estea inscrita nas oficinas do INEM, en profesións xa tradicionais da nosa terra e que teñen hoxe unha alta demanda e boa cotización no mercado laboral.



De arriba cara abaixo o módulo de restauración de áreas degradadas; a área recreativa do Tâmega e traballos na futura zona verde no entorno do centro social de San Cibrao.



Tódolos módulos que participan no Obradoiro de Emprego teñen unha acción coordinada e complementaria. A experiencia de algúns dos alumnos/as foi importante na realización dos primeiros traballos, como a preparación da antiga calada e a limpeza das áreas recreativas, como as do Tâmega e de San Cibrao, onde se centra boa parte da segunda fase.

O orzamento do proxecto supera os 276 mil euros Concello e Augas de Galicia acometen a mellora das redes de auga e de sumidoiros en Oimbra, Espiño e A Granxa

Un investimento de 276.465 euros permitirá dotar de novas redes de abastecemento e de sumidoiros, e melloras existentes, en Oimbra, Espiño e A Granxa. Este proxecto, que conta co visado do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia dende o 12 de agosto de 2003, está agora pendente de adjudicación. Trátase dunha iniciativa municipal que ten o respaldo económico do organismo autónomo Augas de Galicia S.A., da Consellería de Medio Ambiente. A finalidade é dobre: mellora-la calidade de vida dos veciños/as e as condicións medioambientais destes pobos.

Estrada Oimbra-Videferre
A comunicación entre Oimbra e Videferre, a través da estrada local 411, experimentará unha mellora nos próximos meses coas obras entre Bousés e Casas dos Montes, que teñen un orzamento 90 mil euros. Unha fase posterior completará o trazado.



Acondicionamento do camiño de Porbaila (cemiterio).

Nova pista de acceso ó cemiterio de Oimbra

Amellora dos accesos ó cemiterio de Oimbra realízase por dúas vías: o Obradoiro de Emprego encárgase de reparalo empedrado do camiño vello, ao tempo que se constrúe unha pista de cinco metros de ancho pola zona de Porbaila, que permitirá que os vehículos cheguen sen dificultades ata o mesmo camposanto. Trátase dun proxecto xa avanzado (na imaxe superior), que ten un custe de 107.369 € con cargo ó orzamento da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O proxecto permite acondicionar máis de 550 metros, coas correspondentes beiravías e gabias.

O centro social de As Chas, un novo lugar de convivencia veciñal

Concello e Consellería de Asuntos Sociais aportan 50 mil euros para construí-lo centro social e da terceira idade de As Chas, que terá carácter multiusos, como casa do pobo, centro cultural e de desenvolvemento veciñal. O novo edificio disporá de 284 metros cadrados útiles de superficie, distribuídos entre salas de estar, aseos, porches, soto e almacén. O Concello de Oimbra aporta o 30% do custe total (na foto, a sinatura do convenio en Santiago).



Máis centros veciñais

A construción dos centros sociais de As Chas, O Rosal (está aprobado o proxecto) e Oimbra permitirá dispoñer de locais en tódolos pobos importantes. En anos anteriores realizáronse en Videferre, Espiño, Bousés, Casas dos montes, A Granxa, San Cibrao (pendente de ampliación) e Rabal. Agora vaíse reformar-la antiga escola de O Rosal e construír un novo edificio en Oimbra, xa que o actual quédase moi pequeno.

Unha nova depuradora de augas residuais beneficia a 254 veciños

A través do Proxecto Dare do, integrado no Plan Interreg III, o Concello de Oimbra acometerá en breve a construción dunha depuradora de augas residuais en San Cibrao, que beneficiará a máis de 250 veciños/as. O investimento é de 180.000 euros, que servirán tamén para construí-las pistas de acceso e instalala acometida eléctrica. Antes de que remate o ano 2003 deberá estar xustificado o 60 por cento do orzamento total do proxecto.

En San Cibrao mellora o abastecemento de auga e a iluminación pública



O núcleo de San Cibrao disporá en breve de máis modernas redes de abastecemento, depuración das augas residuais e dun novo tramo de iluminación pública. O Plan Operación Local e o Plan Base, no que colaboran o Concello de Oimbra máis Deputación Provincial de Ourense, contemplan o investimento global de 95 mil euros.

Tamén se construírán algo máis de 100 metros de novas beirarrúas.

Empresas, particulares e institucións públicas e privadas poden beneficiarse do Plan Leader Plus ata o ano 2006

A Asociación para o Desenvolvemento da Comarca Montemai-Vérin, que xestiona o Plan Leader Plus, abriu o prazo para a presentación de proxectos e iniciativas que queiran acollerse a este programa cofinanciado pola Unión Europea (as solicitudes de axudas poderán formalizarse ata o 1 de novembro de 2006, aínda que a execución dos proxectos pode alongarse ata o 31 de decembro de 2008).

O Plan Leader Plus ten como obxectivos básicos o sostemento do ecosistema e garantir unha presenza demográfica e actividade económica no noso territorio, mediante a creación de emprego, a estruturación do modelo turístico en torno ó turismo de aldea, a valorización do patrimonio e a identidade territorial, a potenciación e conservación dos atractivos e recursos da zona, e o reforzamento das vantaxes competitivas derivadas dos espazos naturais.

Beneficiarios:

Empresarios e poboación local, sociedades mercantís que revistan calquera das formas xurídicas vixentes, entidades locais (asociacións e institucións públicas e privadas).

Tipos de axudas:

Axudas a fondo perdido para proxectos de carácter anual ou trianual, e bonificacións a xuros de préstamos.

Requisitos:

Acometer un proxecto viable dentro da zona de aplicación do programa para unha actividade auxiliábel (que poida recibir axudas ou subvencións).

Ter un cadro de persoal non superior a 50 traballadores, unha cifra de negocio anual non superior a 7 millóns de euros e un balance xeral que non exceda de 5 millóns de euros.

Estar ó corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Manter o destino da inversión auxiliábel, alomenos durante cinco anos posteriores á certificación do remate dos investimentos.

Non estar iniciado o investimento antes de solicita-la axuda.

Respetar a lexislación vixente.

Información sobre Plan Leader Plus:

Casa do Concello de Oimbra

O Plan Interreg III promove en Oimbra un Centro de Interpretación Transfronteiriza

O noso municipio contará cun Centro de Interpretación Transfronteiriza, dentro da rede galaico-portuguesa de centros de interpretación museística promovida polo Plan Interreg III. O custe do proxecto de Oimbra é de 103.687 euros, aportados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), con 77.765 € e polo propio Concello, con 25.921 €.

Esta iniciativa, que deberá estar rematada a finais de 2004, contempla a dotación dun edificio que albergará o Centro de Interpretación Transfronteiriza, o mobiliario, sistemas de seguridade, servizos multimedia e os equipamentos informáticos. Neste Plan Interreg III intégranse tódolos concellos da Mancomunidade, xunto a outros do Salnés e do Norte de Portugal.

Novas contratacións do Concello ó abeiro do Plan Labora da Xunta de Galicia

O novo Plan Labora da Xunta de Galicia permitiu a contratación de varias persoas por parte do Concello de Oimbra para realizar tarefas de mellora ou ampliación de servizos municipais. Catro destas persoas integran o equipo de Axuda a Domicilio, coordinado polo departamento de Servizos Sociais, e outras desenvolven traballo no centro de saúde, de apoio á brigada de obras e no servizo de limpeza. O Plan Labora, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, está dirixido a persoas de 18 a 29 anos, que non teñan traballado nos últimos cinco anos, nin por conta propia ou allea, durante seis ou máis meses, e que estean inscritas como demandantes de emprego cunha antigüidade mínima de 4 meses. Os veciños e veciñas que cumpran estes requisitos poden solicita-la adhesión a este programa a través das oficinas municipais (Casa do Concello, en horario matutino).


Reserva para investimentos 193.072 €

O Obradoiro de Emprego eleva o orzamento municipal por riba do millón de euros

O Concello de Oimbra dispón durante o actual exercicio económico dun orzamento de 1.185.500 €. Esta cantidade supón un incremento do 90% respecto ó ano 2002, motivado pola incidencia do Obradoiro de Emprego no capítulo dos gastos de persoal. En orde de importancia, figuran a continuación os gastos en investimentos reais e de bens correntes e servizos. Estes apartados, que dan cobertura económica ós investimentos en obras e infraestruturas públicas representan, en conxunto, o 30% do total. Nos capítulos de ingresos destacan, un ano máis, os das transferencias correntes e de capital, e os impostos directos.

Estado de gastos (en euros)

Gastos de persoal	713.658,00
Gastos en bens correntes	172.801,00
Gastos financeiros	16.400,00
Transferencias correntes	60.679,00
Investimentos reais	193.072,00
Transferencias de capital	2.190,00
Pasivos financeiros	26.700,00



Estado de ingresos

Impostos directos	109.400,00
Taxas e outros ingresos	64.206,00
Transferencias correntes	926.636,00
Ingresos patrimoniais	2.000,00
Transferencias de capital	83.258,00



Comer, beber e disfrutar en Ombra

Milleiros de visitantes, nunha nova edición da Festa do Pemento

Un ano máis, e xa van seis, a praza e o entorno da Casa do Concello convertíronse nos primeiros días de agosto no recinto que albergou unha nova edición da Festa do Pemento de Ombra, un dos acontecementos culinarios e gastronómicos da comarca. Ademais das xa tradicionais degustacións e do concurso gastronómico, con premios para tódolos participantes, houbo actuacións musicais. Deputados

autónomos e nacionais, numerosos alcaldes, delegados da Xunta e moitos veciños acompañaron ás autoridades convidadas ó acto inaugural, que estivo presidido polo presidente da Deputación Provincial de Ourense, José Luís Baltar. O alcalde de Ombra, Alfonso Villarino, exerceu de anfitrión acompañando no percorrido polo recinto e na degustación dun dos produtos estrella da nosa horta.




Arzak, Arguñano, Subirana e os máis importantes cocineiros ou *chefs* teñen moitas receitas con pementos, e se son de Ombra, moito mellor. En algunhas zonas de fora da provincia, ós que antes chamaban "pementos de Ourense", agora tamén se chamam "pementos de Ombra". Despois de seis edicións da Festa do Pemento, os resultados semellan evidentes. O que comezou sendo unha experiencia festiva e gastronómica para dar a coñecer o noso produto hortícola por excelencia, convertíuse nunha cita obrigada para paladares exquisitos e os amantes dos produtos naturais desta fermosa terra.



Ademais da festa gastronómica, a Feira do Pemento serviu de escaparate do municipio de Ombra. Varios expositores (na imaxe, o da "Asociación Cultural Soutullo") amosaron os produtos naturais e artesanía desta zona.



Varias empresas aproveitaron esta popular celebración, que ten repercusión en toda a provincia e no Norte de Portugal para dar a coñecer o seu traballo. Cada vez con máis expositores interesados en participar na festa do Pemento.



O concello limpo é cousa de todos

Unha iniciativa pioneira nesta comarca facilitará a reciclaxe do lixo ós veciños e veciñas de Oimbra. O Concello, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, distribuirá bolsas de cores, semellantes ás dos contedores de recollida selectiva (azuis e amarelas) para facilitarles a separación dos refugalloos no propio fogar. Deste xeito haberá menos equivocacións á hora de depositalo lixo nos contedores que lle corresponde.



Moito que ver

Os máis de 600 participantes na concentración moiñeira organizada polo Club Vela Pica da visitaron Oimbra, convidados polo Concello, para coñecer o noso municipio. Así cando volveron á súa terra -moitos deles eran asturianos, castelá-leoneses e lusos- tiveron de que falar, e ben, desta fermosa terra.



Veciños de Rabal recibiron os títulos de propiedade da concentración parcelaria

■ O conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, Juan Miguel Di Guedes, visitou Oimbra para entrega-los títulos de propiedade resultantes da concentración parcelaria de Rabal. Un acto no que estivo acompañado polo alcalde de Oimbra, Alfonso Villarino, e os directores xerais de Planificación e de Estructuras Agrarias do seu departamento. Con este acto culminaba un proxecto de reparcelación comezado en outubro do ano 1992, coa publicación dos trámites no Boletín Oficial da Provincia. A actuación realizouse sobre unha superficie de 326 hectáreas, 7 áreas e 60 centiáreas, lindantes polo Norte e Leste co Concello de Verín, e polo Sur e Oeste, con Portugal. Os traballos consistiron na construción de novas pistas agrícolas e na concentración de parcelas, que pasaron de case tres mil ás 746 actuais. Os 287 propietarios pasaron de dispór dunhas dez parcelas de media, á pouco máis de dúas. Apráctica totalidade dos veciños que acodiron á recepción dos novos títulos de propiedade valoraron como "moi positiva" esta actuación da Xunta de Galicia en Oimbra.



Juan Miguel Di Guedes e Alfonso Villarino presidiron a entrega dos títulos (arriba). Na foto inferior: zona de concentración.

Datos técnicos

Superficie total: 326 hectáreas.
Parcelas antes da concentración: 2.963
Parcelas resultantes da concentración parcelaria: 746
Superficie media das parcelas: antes da concentración: 1.100 m², despois da concentración: 4205 m²
Propietarios: 287.

Diz Guedes confía no futuro do sector vitivinícola



Juan Miguel Di Guedes aproveitou a visita a Oimbra para coñecer lo sector vitivinícola do noso municipio e da Denominación de Orixe "Monterra". Na adega Ladairo, de O Rosal, dotada con modernos sistemas de fermentación, envasado e conservación de vino, percorreu as instalacións e intercambiou impresións co seu propietario sobre o actual momento vitivinícola polo que atravesamos esta comarca. As impresións foron positivas para o conselleiro, quen manifestou que "confía no enorme potencial da Denominación de Orixe Monterra, uns vinos de calidade que apostan cada vez máis polas variedades autóctonas". Di Guedes recibiu información sobre a política seguida nestes últimos anos, e que supuxeron un avance notable na comercialización e prestixio dos nosos caldos.

A unidade móbil do Centro de Transfusións de Galicia visita periódicamente o noso municipio No último ano aumentaron as doazóns de sangue en Oimbra

O noso concello é un dos que registrou no último ano un maior incremento de doazóns de sangue. Un dato digno de loubanza, pero que non é dabondo, xa que a taxa de doazóns segue por baixo das recomendacións da Organización

Mundial da Saúde. Pero hai que destacar-lo dato positivo desa maior conciencia solidaria entre a nosa xente, reflectida na estatística do Centro de Transfusións de Sangue de Galicia. As unidades móbiles que visitan o noso municipio reciben

cada vez a un maior número de persoas, homes e mulleres de Oimbra, concienciados de que o seu sangue pode salvar moitas vidas, e que, ó mesmo tempo, algún día poden beneficiarse eles mesmos deste xesto altruísta.

O esforzo solidario é cousa de tod@s

No ano 2001, había 16 doantes en Oimbra. Agora, son 24. O incremento é significativo, aínda que a taxa actual no noso municipio (8 por cada 1.000 habitantes) estea por baixo das recomendacións da OMS (entre 40 e 60 doazóns/1.000 habitantes).

Por parte do Centro de Transfusión de Galicia anúncianse novas campañas informativas, tamén na nosa comarca, para alertar á poboación a que sexa xenerosa e axude a salvar moitas vidas. Porque o que hoxe facemos polos demais, o día de mañá, poden facelo outros por nós. Fai falta, sí, máis información, pero tamén unha actitude máis positiva para afrontar esta situación.



Regalar algo vermello pode salvar moitas vidas

- ▶ Todos os días do ano hai persoas nos hospitais que teñen que se operar padecen cancro ou leucemia, tiveron un accidente de tráfico, van someterse a un transplante de órganos... e precisan da nosa colaboración. En Galicia necesítanse 450 doazóns de sangue cada día.
- ▶ Con só 5 minutos do noso tempo moitas persoas poderán resolver o seu problema de saúde e mesmo algúns salva-la súa vida.
- ▶ Poden ser doadores todas as persoas con saúde normal, con máis de 50 kilos de peso e unha idade comprendida entre 18 e 65 anos.
- ▶ Compre acudir á doazón sen almorzar ou comer, alomenos dúas horas antes.



Exemplos que debemos imitar: o que hoxe facemos polos demais, algún día outros o farán por nós

Antonio Pérez Salgado



"Eu son doante habitual, sempre que poda e segundo a tarxeta sanitaria, dende hai doce anos. Unha vez donei para un caso concreto, pero o fago dexeito altruísta. É importante que a xente se conciencie máis, porque non hai que buscar explicacións cando está enxoga a vida de moitas persoas".

Felicitas Colmenero Valencia



"Esta foi a primeira vez que viñen, porque me convenceu unha amiga. Paréceme útil, interesante e solidario. Valoro que coa nosa colaboración se poidan salvar vidas nos hospitais. Non hai que ser egoístas e debemos pensar que algún día podemos necesitar sangue de outras persoas".

David Estévez Bóo



"Ser doante non costa nada e o beneficio para a xente que a necesita nos hospitais por accidentes e operacións é incalculable. Vexo que cada hai vez máis persoas sensibilizadas, pero aínda así necesítase máis colaboración. Algúns queren ser doantes pero non poden e outros non o fan por vagancia".

M^a Isabel Teijeiro González



"A primeira vez que ves a doar sangue costa un pouco, pero animaste e logo non te arrepiñes. A satisfacción que che queda é grande, pensando que co teu sangue se poden salvar moitas vidas. Está ben que veñan os autobuses da unidade móbil, pero tamén debían visita-los pobos máis pequenos".

Serafin Di Macía



"Eu empecei hai seis ou sete anos. A demais do labor humanitario polos demais, agora ser doante é cómodo porque non tes que desprazarte, xa que aquí fan a extracción con todas as garantías sanitarias. Algúns non veñen por medo ás agullas. Pero non é certo, porque eu non me entendo de que me sacan".

Outono, un tempo para a festa e a convivencia veciñal



De arriba cara abaixo e de esquerda á dereita, os magostos de Oimbra, San Cibrao e Espiño, que rexistraron unha boa participación de veciños/as.

Novembro en Oimbra é tempo de castañas e do viño novo. Dous motivos dabondo para reunir á nosa xente nun acto de confraternidade a carón dunha boa mesa. Así o entenderon os veciños de Oimbra, Espiño e San Cibrao nas respectivas celebracións.

En Oimbra, o magosto organizado pola Asociación Cultural Soutullo celebrouse na praza do Concello. Os participantes degustaron churros, polo asado, sardiñas e castañas ó son da nova banda de gaitas do noso municipio, integrada por 15 músicos de diferentes idades.



Tamén en Espiño estiveron presentes os gaiteiros. O forno comunal reuniu a dúas de veciños e veciñas nunha xomada festiva e gastronómica, a base de empanadas de carne, xamóns asados, patacadas asadas, doces, sardiñas, castañas,...

En San Cibrao, a Asociación Cultural Santa Cruz fixo honra á tradición dos devanceiros convidando ós veciños no centro social. Aquí o menú consistiu en callos, carne con chourizos asados, castañas e bicas. Os magostos seguen a ser unha ocasión axeitada para cultivar a troula e a boa veciñanza nesta época do ano.

Os cursos de manualidades e formación ocupacional, ben aproveitados por moitas



A Casa da Cultura de Oimbra acolle un curso de corte e confección, no que participan 15 mulleres e que está organizado polo Concello de Oimbra, coa colaboración da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia. Neste local dispoñen de máquinas de coser e do material para aprender ou perfeccionar técnicas de elaboración e manipulación de tecidos.

O Concello de Oimbra segue a promover, coa colaboración das asociacións veciñais e de mulleres, cursos de formación ocupacional. O seu obxectivo é dobre: por unha

Os cursos de confección e de manualidades son cos de cocita, dous dos que espertan maior interese entre as veciñas do concello. Así o demostraron nos primeiros meses do ano cando aprenderon a confeccionar aparellos decorativos e a restaurar mobles antigos. O resultado poido verse na exposición (na foto da dereita) que organizaron ó remate do curso con lámpadas, figuras en escaloia, bandejas, cadros, mobles, etc. Os cursos de corte e confección tamén acostuman a cubrir as prazas ofertadas (en torno a 15), con grande interese de todas as alumnas por sacar proveito a unha iniciativa case sempre subvencionada por Concello de Oimbra e Xunta de Galicia.

parte, que as participantes aprendan técnicas que lles poden ser de utilidade na vida diaria e fomentar a relación entre persoas de distintas zonas do noso municipio.

